Acordo do 19 de outubro de 2026, da Departamento Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación, no concello de Sada (expediente IN407A 2022/078-1).

De conformidade co disposto nos artigos 48.1 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 48.2, 49, 50 e 51 do seu Regulamento do 26 de abril de 1957, este departamento territorial acorda sinalar o día **2 de decembro de 2026**, a partir das 12:30 horas nas dependencias do Concello de Sada, para que o pagador da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA proceda ao pagamento do prezo xusto e intereses, por expropiación e imposición de servidumes de paso da instalación eléctrica denominada Instalacion de telecontrol en LMT SAD713 apoio AKPO6EI1//15C485-5, no concello de Sada (expediente IN407A 2022/078-1), ás persoas propostas como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas, ás que igualmente se lles dirixirá notificación individual ao efecto.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 19 de outubro de 2026

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

Asinado por: MARTINEZ ARCA, ISIDORO
Cargo: Director Territorial
Data e hora: 21/10/2026 09:52:03

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
https://economia.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Yqx1VKTXsaH1 https://sede.xunta.gal/cve